

# CANDEABRANCA

Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro

Número 1

Ano 2016

## A "Hijos del Valle de Oro en La habana" Grazas! Moitas grazas!



O día 9 de setembro de 2014 fixose xustiza no noso Val. Pilar Fernández, Tesoureira da asociación de emigrantes en Cuba, recolleu o agasallo.

No noso Val hai unha chea de escolas construídas hai moitos anos, nas épocas nas que a cultura e os medios económicos escaseaban. Sabedores de que a cultura é a riqueza dun pobo, moitos emigrantes do Valadouro que se foran a Cuba e conseguiran unha certa riqueza, unidos na asociación "Hijos del Valle de Oro en La Habana", patrocinaron e construíron esas escolas como un seguro de prosperidade para o noso Val. Os tempos cambiaron e agora a vida fixose más fácil aquí, mentres que en Cuba impera unha pobreza xeneralizada, pero, a pesar de todo, hora ía sendo de que os que somos agora no Val manifestáramos claramente o noso agradecemento a todos os que, dende a illa do Caribe, nos fixeron prosperar e mellorar.

Isto foi o que fixo o SEVA o 9 de setembro do 2014 no Salón de Actos da Casa da Cultura do Valadouro, aproveitando a presenza no Valadouro da Tesoureira da filantrópica asociación cubana. O SEVA entregoulle a Pilar (e con ela a todos os seus compañeiros) unha placa conmemorativa polos muitos beneficios deles recibidos. Non debemos esquecer que, casualmente, o local que desfruta o noso Seminario está asentado na antiga escola de Adelán, unha de tantas patrocinadas baixo os auspicios dos indianos. E agora que esa cultura que tanto custou conseguir non esmoreza no desalento ou na preguiza. Que o SEVA poida continuar a misión de conservar e enriquecer a cultura de todo o Valadouro.

## Pedro Rubal



## Primeiro Presidente

A nosa institución agromou aló polo verán do ano 2011. Foron uns inicios cheos de ilusión, nos que 19 personalidades da cultura do noso Val nos reunimos para darlle vida ó SEVA ou Seminario de Estudos do Valadouro. Dous amores se xuntaban nesta iniciativa: o amor ás cousas culturais e o amor ó Valadouro. A primeira Xunta Directiva, a que comezou, estivo presidida polo profesor e filósofo Pedro Rubal, contando coa axuda de Fernando Monterroso como Vicepresidente, de Carlos Andrés González Paz como Secretario e de Xabier Pardíñas como Tesoureiro. Logo os cargos foron renovándose, habendo ata a data actual outros dous Presidentes: Xabier Pardíñas e o actual: Pepe Peinó. Unha das cousas más bonitas que conseguiu o noso Seminario foi sumar esforzos, unificar, fazer grupo, unha cousa que non sempre nas nosas terras galegas resulta sinxelo de conseguir. O SEVA preconiza o noso Val como unha unidade xeográfica e cultural, que engloba dous concellos, Alfoz e O Valadouro, baixo un mesmo sentir, unha mesma convivencia, un mesmo pasado e un mesmo futuro. Somos o Seminario do Valadouro.

## Á porta da "Candeia Branca"

Por Pedro Rubal, ex profesor, escritor e primeiro Presidente do SEVA



Pedro Rubal e a súa dona na visita ó Museo das Zocas que Alberto Geada, membro tamén do noso Seminario, ten na Torre de Pardo de Cela.

O presidente de SEVA, entre outros, invítoume a escribir un artigo para a revista que se propón publicar este Seminario. E pensei que os artigos da Revista nº. 1 tal vez veñan a ser algo así como un limiar máis ou menos disperso, xa que está chamada a ser vehículo de opiniões e contidos culturais poli-temáticos, e, per se, heteroxéneos.

Aínda que vivimos nuns tempos nos que os ritualismos, incluso verbais, non están de moda, estar "a porta" de algo implica, cando menos, certa esixencia de saúdo. E no meu caso, veciño de Alfoz, cunha xa morna paixón cultural, considérome na obriga de agradecer a estas novas xeracións o interese que poñen en aproveitar as fontes culturais deste querido Valadouro, cun manancial nada desprezable en Alfoz.

Créanme que é algo que desencadea a nosa reflexión sobre o pouco ou nada que nosoutros, os xa vellos (dígámolo sen eufemismos), non soubemos facer, nin nos favoreceron a circunstancias, nin se nos impulsou a facelo, na medida, incluso, das nosas capacidades. Polo tanto, dende esta natural situación de decrepitude, que

abre más horizontes ao pasado que ao futuro, só podo agradecer sinceramente a súa desinteresada entrega aos que se ocupan do ámbito cultural de Alfoz e Valadouro, entre eles os que levan o pesado traballo de dirixir esta Revista, titulada con un sintagma adjetivo cuxa semántica simbólica aquí me gustaría coñecer.

Limpados os pés no esteiro da porta, entramos con vontade de colaboración neste edificio cultural, que substanciamos cunha anécdota, que, brevemente, pasamos a relatar.

Nun destes paseos que adoitamos facer para distraer o colesterol e desentumecer as articulacións as persoas de idade, a miña dona e eu subimos ata o Castelo de Pedro Pardo de Cela, no Castro, e alí sorprendeunos Alberto Geada, o zoqueiro-artista de Alfoz. Amablemente departimos un agradable intre con el, que non puxo reparos en darnos documentadas explicacións de todo. Espertaron moito interese as formas das zocas, o manexo, consciente ou non, que fai do espazo, sen restarles funcionalidade práctica; tamén a información histórica que posúe dos máis diversos contextos xe-

gráficos, que dan razón dalgunha configuración especial do produto.

Pero, amigos lectores, saquei disto unha observación socio-política que lles relato brevemente. Recordei que Teodoro W. Adorno, membro da Escola de Frankfurt, na súa versión crítica, distinguía entre a producción dunha obra de arte como resultado dun *proceso, intuición e experiencia estético*, e un producto cultural como resultado dun *proceso industrial*. A distinción ten o seu miolo, porque este último xera ba nos demandantes do produto a mesma necesidade del, e áinda ia máis adiante: dicía que *estruturaba a conciencia e dirixía a fantasía das persoas, debilitándoas*. Polo contrario, a obra de arte, como resultado do proceso estético, "aporta - afirma - experiencias estéticas liberadoras".

Pois ben; ese confrontamento entre ambos produtos (estético e industrial) encontra ur: *topos* (un lugar) na concepción artística de Alberto, que xoga coas formas esteticamente sen menoscabo da funcionalidade práctica e utilitaria da entidade na que se incorporan, e paréceme admirable como opera a síntese deses contrarios que sinala Adorno.

É dicir, o seu labor de zoqueiro, do que eu son un fillo cultural, porque meu pai pagoume os estudos facendo zocas, transcende o ámbito da mera utilidade, sen anulala: manexa formas espaciais incorporadas a un producto físico que mantén os pés quentes no inverno e frescos no verán, sen perda dos valores estéticos. Con certa pedantería poderíamos afirmar que na imanancia da materia emerxe a transcendencia estética.

Por suposto, as visitas a este museo das zocas, acercándose aos paneis con apertura cultural, resultan enriquecedoras e serven dun eficaz estímulo para quen, con escaso rendemento económico, ofrece con eloquio paixón os produtos da súa imaxinación estética.

## Unha noite

Por Isaac Ferreira, autor teatral, poeta e narrador, membro do Consello de Redacción de Casahamlet  
(A José María Merino, fundador do segredo)

Unha noite, unha misteriosa criatura moradora do castelo secreto aprendeu a espertar e foise polo mundo.

Como por un casual, veuse poupar sobre un banco do paseo marítimo que aínda frequento e dese modo tan sinxelo entrou na miña vida aquel mabiloso ser.

Dúas características me chamaron a atención daquela criatura: unha foi o seu aspecto de pouca cousa, de cousa transparente, mínima, volátil, soa, núa... E a outra, que non paraba de falar.

Nun respiro que fixo, pregunteille quen era e de onde viña. E respon-

deume, con toda a naturalidade, que había cousas que non se recordaban o mesmo que había outras que nunca se esquecían.

Como non se daba afeito á luz do dia, só aparecía polo anoitecer e tiven eu que me adaptar aos seus costumes.

Doce nenas, doce ninñas, doce fadas, múltiplo de tres.

#### Fontes e santos viaxeiros.

Poño por caso os santos viaxeiros.

As nosas fontes, que, como comprobamos, estaban habitadas polas ninñas, foron cristianizadas, pasando a ser frecuentadas por santos, ás veces con nomes semellantes: Santa Ana (substituí á nosa ninña Ana), Santa María, filla de Santa Ana, nai de Xesucristo (María, plural latino de 'mar', substituí a unha serea).

E esta é outra pregunta que me fago: Por que os santos do Valadouro gostan tanto da auga e son tan viaxeiros?

A tan mencionada Santa Helena, de Santa Cruz, que de cando en vez baixaba á fonte das Curuxeiras, onde gustaba de peitear os cabelos, porque dicía que ela á igrexa non se afacia, e tiñan os veciños que volvela para o seu sitio.

Os santos da igrexa de Recaré, que todos os anos polo San Xoán deixan as súas peañas para iren bailar á Fonte da Pedreira.

A Virxe de Bacoi, que se vai lavar polas mañás na Fonte da Nosa Señora.

Santo Estevo de Moucide, que estando na Fonte do Milagre, o cura quixo levalo para a igrexa parroquial e cando fan de camiño deu en caer auga a mollón; e o crego tivo que voltar co Santo para a fonte. De alí a uns días foino buscar outra vez, e ao chegaren á Lamela caeu outro torbón aínda máis grande que o primeiro. Entón o cura comprendeu que o Santo quería morar onde a fonte e mandou construir ali unha ermida que o acollise.

#### Os santos más viaxeiros.

Aínda que para santos viaxeiros, San Vicente de Lagoa e a Santa Ana

de Santa Cruz.

Andar andou San Vicente, que se foi polo mundo predicar, e recibiu martirio até que morreu. Non lle debreu parecer dabondo aos verdugos, que o botaron ao mar amarrado a unha pedra. E esta, no canto de afondar, foi traendo a San Vicente para Lagoa, que naquel tempo era toda auga.

Digo eu que para non afondar sería unha barca de pedra, como a que hai na Finca de Galea, xardín de auga e pedra, ou como a que trouxo ao Apóstolo Santiago para Galiza.

E a Santa Ana de Santa Cruz, que se foi do Valadouro, e virona en Mondóvedo, onde lle perderon o camiño.

Por certo, un relato popular galego da Anunciación di que, así como Xesús non tivo pai humano, a súa avoa Santa Ana non tivo nai, porque disque naceu dunha perna de seu pai: este paseaba un dia pola súa horta e colleu unha mazá, coa navalla que tiña comeuna, e despois limpou a folla da navalla nunha perna. No sitio onde limpava a navalla naceulle un vulto, que foi medrando, e aos nove meses desprendese o vulto e era a nena, Ana.

De maneira que Xesucristo era bisneto deste home que comeu a mazá, froita sagrada para os celtas e símbolo de sabedoría, segundo o libro sagrado do Xénese.

#### Andar, andazo, meigallo.

Falando de viaxeiros, a min que os santos viaxen paréceme ben, porque son libres de andar por onde lle peta; mesmo pódennos resultar simpáticos estes santos turistas. Aínda que o asunto ten moita migia. O que xa non me cobra é o dos cruceiros, que nos últimos tempos tamén lle dán moito por viaxar. Toda a vidia cada un no seu lugar e agora non fan máis que "cambiar de sitio". E el non será tamén un feitizo? Ou terán o meigallo? Será

un andazo, más ben?

En chegados a este punto, e postos a tratar de cruces, se cobra agora as bruxas do Xistral xa non deben querer xuntarse polo San Xoán para repartiren as moscas e mais os días da semana. E non me estraña, porque dun tempo a esta parte inzaron os curutos de cruces ou viraventos, que todo O Valadouro parece un Calvario. Mesmo ameazando os lugares sagrados, como en San Tomé. Ou non é sagrado o lugar onde moran os antepasados?

Dáme o corpo que tantas cruces xuntas ainda han acabar por roubarnos o alento, que tamén podería ser.

Ben sei que estas cousas que a min me enfeitan non dan beneficio para os bancos nin para os negocios, e mesmo parece que o único que lle presta é apetar.

Mais teño por seguro que todos estes lugares, todos estes seres, todas estas historias, conforman a nosa herdanza material e espiritual. Constitúen a base na que se sustenta a nosa razón de ser, individual e colectiva. Confirmán, en fin, a nosa pertenza a un país, o noso país, O Valadouro, e sitúano formando parte da múltiple realidade cultural do mundo, da humanidade, á que non debemos nin queremos renunciar.

Os malos tragos pasan, os bos momentos tamén; mais o que acabo de dicir é para sempre, xa non o podemos desbotar.

Non hai final, o Valadouro que me enfeita é un mar inzado de dúbidas que nos convidan a seguir...

**Publicado en *El Progreso*, Lugo, 05.09.2003, (Especial), pág. 56.**

**Actualizado ortograficamente o 25.05.2009.**

**Modificado o 01.06.2009.**

## Arqueoloxía e ecoloxía no Valadouro

### Perspectivas emic / etic

Por Pedro Rubal Pardeiro, filósofo, profesor, escritor e Fillo Predilecto do concello de Alfoz

Espero que o Título desta modesta colaboración para a revista CANDEA BRANCA non semente xa ao comezo, pola introducción de dous termos, que semellan bastante diferentes, un desconcerto no lector. Propónome ofrecerlle unha xustificación ao través da lectura do contido. E incluso podo adiantarlle que as perspectivas *emic* e *etic* aplicadas ás súas respectivas implicacións sociolóxicas e antropoló-

xicas, espero que lle sirvan, exemplarmente, para unha mellor comprensión dos espazos dubidosos.

#### A. Explicación dos termos.

Isto esixeme unha explicación, aínda que sexa breve, dos termos *emic*-*etic*. Os estudiosos atribúenlos ao lingüista Kenneth L. Pike (1), quen di que as palabras poden referirse ao seu significado fonético ou semiótico,

mais tamén ao seu significante fonético: De aquí saíron os dous termos. Pero o antropólogo Marvin Harris (2) botou man deles para utilizarlos en materias da súa competencia, e incorporounos á explicación de conceptos culturais relacionados coa interpretación da conducta das persoas e cos investigadores desas condutas.

As ciencias, en xeral, e tamén as sociais, son interpretacións dunha

realidade. O que ocorre é que, antropolóxica e socialmente, una realidade cultural calquera, un costume, por exemplo, pode ser interpretada polos mesmos que a protagonizan (**perspectiva emic**) ou por un observador cunha cultura distinta, e neste caso fano coas categorías da súa propia cultura (**perspectiva etic**).

Pero isto é máis complexo do que parece. Examinemos un caso exemplar do noso entorno do Valadouro: Os xabarís estragan os sementados de patacas e os labradores propietarios dos mesmos soportan perdas irreparables. Os xabarís veñen en bandadas ás fincas, arrasan todo e truncan a compensación adecuada (e sobre todo psicolóxica) dos esforzados cultivadores. O razoamento destes conduce a unha batida drástica deles (**perspectiva emic**); pero a administración considera esta realidade con criterios e categorías de biodiversidade e autoriza só unha batida regulada e restritiva (**perspectiva etic**). Non obstante, non se exclúe que os labregos compartan os criterios da administración, e que, nalgúns casos, esta acepte a postura dos mesmos. Xustamente por isto, existen autores que, facéndose eco diso, afirman que é importante que ambas posturas, *emic* e *etic*, non sexan irreconciliables, porque neste suposto queda cortada a comunicación entre as diferentes culturas, e péchanse as vías de acceso a unha posible "multiculturalidade".

Sirva esta breve, parcial e lixeira explicación dos termos para comprender o que sigue respecto ás formulacións arqueolóxicas e ecolóxicas no Valadouro xeográfico. Intentarei, pois, que estes precedentes parágrafos me permitan subsumir dentro dun marco explicativo algunas referencias a esas dúas disciplinas.

#### B. Referencias arqueolóxicas.

Aínda que a temática arqueolóxica é aldea á miña formación profesional, no espazo interdisciplinario sempre ocupou un lugar privilexiado nalgúns das miñas reflexións, e a algunhas delas leváronme os ricos contidos dos boletíns **O PRADO DAS CHANTAS**, aos que farei unha maior referencia máis adiante.

Considero que os traballos arqueolóxicos esixen un amplio e complexo coñecemento etnográfico, antropolóxico, sociolóxico, etc., sobre todo porque os obxectivos do arqueólogo están principalmente centrados na reconstrución de formas de vida humana xa pasadas, e non se poden

obviar os ingredientes que permitan evidenciar non só os constituyentes culturais das mesmas, senón tamén as súas articulacións dinámicas, reflectido todo nas evidencias arqueolóxicas que se descubran na ardua, meticulosa e documentada labor de investigación nos rexistros arqueolóxicos.

Pero este esforzo cognitivo postula, ademais dunhas vocacións ben definidas, un complexo bagaxe cultural, porque é mester pasar do observado ao que se infire del: Hai que recorrer un camiño desde a situación do investigador a un pasado, que, esencialmente, é o obxecto da investigación, buscando condutas humanas, moi afastadas no tempo, nos mesmos restos arqueolóxicos; eu diría que hai que descubrir o antropolóxico no arqueolóxico, e é aquí, precisamente neste proceso, onde se pode obter un rendemento epistémico frutífero da aplicación das perspectivas *emic* / *etic*, como recursos metodolóxicos.

Porque, sen dúbida, o fundamental son sempre as evidencias arqueolóxicas, acadadas mediante esa inferencia asentada na adecuada interpretación dos restos arqueolóxicos, como únicos e indiscutibles indicadores da actividade humana no pasado, no uso e relación que fixeron dela os seres humanos para acadar os seus peculiares obxectivos, que é, precisamente, o que xustifica unha coidada indagación da postura *emic*, da aplicación dunha certa racionalidade operativa naquel contexto.

Isto advírenos de que os obxectos arqueolóxicos non posúen relevancia tanto pola súa realidade como polo uso que fixeron dela os humanos: O arqueólogo ten que ocuparse, por conseguinte, en acadar unha certa "descodificación" no obxecto arqueológico, aplicando aquí, maioritariamente, as súas propias categorías de matiz *etic*. E reparen que utilizo o verbo *inferir* porque considero que o arqueólogo emprega a agudeza intuitiva como excitante para incoar e enfocar os seus razoamentos.

Como exemplo desta fase, poderíamos falar do proceso de formación do xacemento co que se encontra o investigador, porque poucas veces os materiais chegan inalterados ata el, e, cando estos son animais ou vexetais, hai que sospeitar que sufrián alteracións significativas. Neste caso, o arqueólogo ten que valerase do que os especialistas chamán *estudos taftónicos* (do grego, *taphos*, ou= funeral, enterramento, e *nomos*, ou=costume, lei), relativos ás modifi-

cacións dos organismos trala súa morte.

**Michael Brian Schiffer**(3) introduciu, nesta liña, no seu estudo arqueolóxico, dúas variedades de contextos: O arqueolóxico, que fai alusión aos materiais depositados nun sitio, e o que chama *sistémico*, referente ás hipóteses acerca das condutas que poden ser utilizadas, unha vez identificadas, para explicar a condición dun elemento incorporado a un sistema que as articula, ao que se chegou mediante un proceso de formación, que denomina como unha cadea de comportamentos que enlaza as diversas actividades. Ven a ser como unha esixencia no necesario paso do empírico ao teórico, más ou menos hipotético, para obter conclusións asistidas dalgúnha garantía lóxica.

En todo caso, o interesante é descubrir una cultura arqueolóxica; pero na reconstrucción da mesma podemos aplicar as nosas propias categorías ao rexistro arqueolóxico reconstruído (**perspectiva etic**) e tamén tomar en consideración as categorías dos individuos que procesaron a realidade arqueolóxica (**perspectiva emic**). Pero aquí xurde esta pregunta: Como é posible coñecer as categorías que integran o sistema *emic* de persoas tan distantes no tempo e con *significantes* como portadores tan opacos do *significado*? A este respecto algúns autores, como Pike, din que no sistema *emic* é preciso incluir criterios pertinentes ao funcionamento interno do mesmo sistema, porque estes criterios relaciónanse coas características internas del e poden ser medidos uns en relación cos outros. E, ainda que non podamos aplicar todos os principios *emic-etic* ao pasado arqueolóxico, cando operamos dentro dun contexto sistémico sempre é posible determinar se estamos no ámbito da conduta ou do mero pensamento.

Por outra parte, a miña modesta achega nesta materia vai principalmente dirixida ao esforzo que fixeron, nos dous concellos do Valadouro, a *Liga Celta Galaica* e Manuel Lourenzo, I. Ferreira, X. Pisón e Lionel Rexes para descubrir e catalogar, preocupándose da conservación, os numerosos rexistros arqueolóxicos, como o evidencia o traballo recollido no referido boletín, **O PRADO DAS CHANTAS**, e na obra, titulada **Arqueoloxía do Valadouro**, que os tres primeiros presentaron no Castelo de Castro de Ouro o 27-11-10. Todo isto relévame de articular probas da importancia que nestas terras ten o arqueolóxico, infa que me aportaría unha gran ledicia

comprobar que esta modesta colaboración fora catalizadora de novos esforzos e estimulara axudas económicas das administracións competentes, para que ese meritorio traballo non quedara á poua, e culminara, dentro do posible, as perspectivas *emic* e *etic*, aquí abordadas cun certo matiz epistemolóxico, como corresponde ao meu ámbito profesional.

#### C. Referencias ecológicas.

Permitanme traerles ao inicio deste epígrafe unha cita da Introdución que fai D. Andrés Sánchez Pascual (4), na obra, *EL PRINCIPIO DE RESPONSABILIDAD*, de Hans Jonas (5), pola relación que suxire entre as culturas arqueolóxicas e actuais. Di así, traducida por mi ao galego: *Para o home antigo e medieval, pre-técnico (na acepción moderna de "técnica"), a natureza era algo duradeiro e permanente, sometido certamente a ciclos e cambios, pero capaz de curar sen dificultade as pequenas feridas que o home lle causa coas súas minúsculas intervencións. Isto cambiou radicalmente coa aparición da ciencia moderna e a técnica que dela se deriva. Agora o home constitúe de feito unha ameaaza para a continuación da vida na Terra. Non só pode acabar coa súa existencia, senón tamén alterar a esencia do home e desfiguralo mediante diversas manipulacións.*

Non é banal que os responsables do boletín *O PRADO DAS CHANTAS* se fixaran eco dos problemas ecológicos, manifestando a súa sensibilidade nos números 55, 59, 75, 76, 83... Evidencian a sintonización co coñecemento ecológico tradicional (CET), segura-

mente porque a preocupación polas formas de vida no ámbito das inferencias arqueolóxicas e as mesmas redes de significación lévao a considerar ontolóxica e axioloxicamente as relacións entre os seres humanos, e destes coa natureza.

Considero sumamente interesante a constatación de que case todos os estudiosos da temática ecolólica sostienen que a economía ecolólica exige que a realidade económica constitúa un subsistema dentro da *biosfera*, un sistema que abrangue máis amplitude. Por isto, para documentarse na praxe destas teorías, os antropólogos aconsellan acudir a sabedorías tradicionais, porque os saberes dos pobos e culturas que existiron están baseados nunha relación directa, práctica e emotiva coa natureza.

E isto confirma que as perspectivas *emic* e *etic* non teñen que ser necesariamente excluíntes, como sostén Harris; poden ser complementarias e ambas contribuir a un mellor coñecemento da realidade, acerca da que a estratexia interpretativa *emic* adoita subministrar abundantes datos e valiosas informacions á formulación *etic*. Por iso moitos autores non dubidan en afirmar que a perspectiva *emic* apoia a súa descripción en termos significativos, mentres que a *etic* faino en termos observables, e aquí está a razón pola que, con base nesta apreciación, a esta última atribúeselle un enfoque científico, e a aquela, á *emic*, considérase moito máis vinculada á cultura en xeral.

Conclúo esta colaboración que, moi lonxe de pretender dar por acertados os criterios epistemolóxicos na forma

aquí suixerida, abrigo a esperanza de que abra vías de acceso a outros e, cando menos, suxira e catalice a procura de máis achegas sobre a temática tomada aquí como referente.

#### Notas:

1. Kenneth L. Pike, lingüista estadounidense, profesor na Universidade de Michigan. Coñecido pola distinción entre *emic* / *etic*. Levou a cabo estudos de linguas indíxenas en Australia, Ecuador, Xava, México, etc. Publica en 1.967 *LANGUAGE IN RELATION TO UNIFIED THEORY OF THE STRUCTURE OF HUMAN BEHAVIOUR* (*A linguaxe na teoría unificada da conduta humana*).

2. Marvin Harris, antropólogo estadounidense. Pertenceu ao Departamento de Antropoloxía da Universidade de Florida. Realizou traballos de campo en Monzambique. Fixo antropoloxía baseada na ciencia e aplicou as estratexias metodolóxicas *emic* / *etic*.

3. Michael Brian Schiffer, antropólogo canadense e profesor de Antropoloxía na Universidade de Arizona; pero é coñecido polos seus estudos de Arqueoloxía da Conduta.

4. Andrés Sánchez Pascual, doutor en Filosofía, da que foi profesor na Universidade de Barcelona; pero está principalmente dedicado a tradución de obras do alemán ao español.

5. Hans Jonas, alemán, doutor en Filosofía. Exerceu a docencia na New School for Social Research (Nova Escola – Facultade – para a Investigación Social).